



# RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Expediente núm.:** 192/2026

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto do Expediente:** Selección e contratación de persoal para a prestación do servizo de Vixilancia, Rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas. SOCORRISTA

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Á vista das bases que rexen a convocatoria para a contratación dun socorrista persoal laboral temporal, ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026 de subvencións para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**Segundo.-** Á vista da resolución ditada por esta Alcaldía, nº 2026-0175, pola que se aproban as bases de selección dun socorrista, baixo o réxime laboral, segundo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 14 da orde do 13 de xaneiro de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de subvencións para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas para o ano 2026, en relación co establecido na disposición final segunda do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (405).

**Terceiro.-** A vista da acta do tribunal de selección, reunido en data 23 de xuño de 2026 e publicada na sede electrónica deste Concello, segundo a cal se propón á selección de don Rodríguez Cedrón, Higinio con DNI \*\*\*8493\*\*.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 21.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisións de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo adóptase a seguinte

Vista a proposta de resolución PR/2026/136 de 26 de xuño de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 26 de xuño de 2026.

## RESOLUCIÓN

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150

DECRETO  
Número: 2026-0195  
Data: 26/06/2026

Cod. Validación: 5X44XQJYH2EME4E7TH8R13F  
Corrección: <https://concellosnogaissedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 1 a 2





**PRIMEIRO.-** Contratar como persoal laboral temporal con contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral a tempo completo (modelo 405) e por un período de dous meses no Concello de As Nogais e nos termos indicados nas bases de selección a Don Rodríguez Cedrón, Higinio con DNI \*\*\*8493\*\*.

**SEGUNDO.-** Proceder á formalización do contrato de traballo e alta na seguridade social iniciando a prestación o día 01/07/2026.

**TERCEIRO.-** Comprometer o gasto de 4.284,00 euros e imputalo ás partidas orzamentarias 341.131 (3.235,40€) e 341.16000 (1.048,60 €) e dar traslado á Intervención municipal a efectos de fiscalizar a presente proposta, así como á Tesourería a efectos de realizar os asentos contables correspondentes.

**CUARTO .-** Publicar a presente resolución que contén o nomeamento e formalización de contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral a tempo completo (modelo 405) con expresa indicación do réxime de recursos, de conformidade co indicado nas bases de selección, a saber:

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**QUINTO.-** Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de As Nogais**

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150

**DECRETO**  
Número: 2026-0195 Data: 26/06/2026

Cod. Validación: 5X44XQJYH2E5ME4E7TH8R13F  
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

